



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Aprobación inicial do Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF), do Concello de Pontedeume

ANUNCIO

Aprobación inicial do “Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF)”, do Concello de Pontedeume

Por decreto de Alcaldía-Presidencia nº 189/2021 de data 25/03/2021, aprobouse o “Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF)”, do concello de Pontedeume.

O devandito Plan Municipal sométese a información pública, atendendo ao establecido no artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con publicación no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios municipal, así como na sede electrónica e páxina web do concello de Pontedeume, para que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular as alegacións, observación ou suxestións que estime pertinentes durante o prazo de 20 días hábiles. As presentadas de ser o caso, serán resoltas por esta Alcaldía.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobado definitivamente sen necesidade de nova aprobación o “Plan Municipal de Prevención de Incendios Forestais (PMPDIF)”, do Concello de Pontedeume.

Documento asinado dixitalmente por D. José Simoes Couceiro, Alcalde en funcións, en Pontedeume a 8 de abril de 2021.

2021/2837